



Resolución reitoral do 09-06-2023 pola que se modifica a resolución reitoral (aprobada en Consello de Goberno do 03-11-2022) relativa ás medidas de aforro enerxético e redución do impacto medioambiental de aplicación do artigo 30 do Real decreto Lei 14/2022, do 1 de agosto.

Unha vez transcorridos varios meses desde a probación da *“Resolución reitoral (aprobada en Consello de Goberno do 03-11-2022) relativa ás medidas de aforro enerxético e redución do impacto medioambiental de aplicación do artigo 30 do Real decreto Lei 14/2022, do 1 de agosto”*, que permiten constatar a eficacia na aplicación das medidas previstas como consecuencia da implicación nos seus obxectivos de toda a comunidade universitaria, e tendo en conta a relevancia académica e simbólica da presentación dunha tese doutoral,

RESOLVO modificar o apartado 3.5 da medida *“Terceira. Transporte e mobilidade sustentable”* da referida resolución, relativo a esta cuestión, que queda redactado como segue:

*“3.5 Tribunais de teses e prazas.*

*Os tribunais de concursos de prazas realizaranse de xeito telemático ou híbrido. En casos excepcionais, e previa autorización da Xerencia, poderán celebrarse presencialmente.*

*Os tribunais de teses poderán celebrarse presencialmente. Neste caso, imputarase á partida orzamentaria da Xerencia un máximo de 1.000 euros no caso da presentación dunha tese de mención internacional e un máximo de 500 euros noutro caso.”*

A presente resolución publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC e entrará en vigor o día da súa publicación.

Código Seguro De Verificación	6R0CHcKzjcDFH01sZJKUfw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	09/06/2023 12:55:33
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/6R0CHcKzjcDFH01sZJKUfw==">https://sede.udc.gal/services/validation/6R0CHcKzjcDFH01sZJKUfw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

